

REXISTRO CIVIL DE PONTEVEDRA

Teléfono: 986 80 39 83 – 886 20 64 53

Correo electrónico: registrocivil.pontevedra@xustiza.gal

INFORMACIÓN E INSTRUCIÓNS PARA A INVERSIÓN DE APELIDOS

Pódena solicitar as persoas maiores de idade por simple declaración ante o/a encargado/a do Rexistro Civil do seu domicilio, e non producirá efectos mentres non se inscriba.

DOCUMENTOS QUE HAI QUE PRESENTAR:

- Certificado literal de nacemento.
- Orixinal e fotocopia do DNI.
- Certificado ou volante de empadramento, expedido hai menos de tres meses.
- Se a persoa está casada: certificado literal de matrimonio.
- Se ten fillos: certificado de nacemento destes.

A Resolución do 13 de xuño de 2002 da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado establece que a facultade de inverter os apelidos, que concede o artigo 109 do Código Civil aos maiores de idade, é unha facultade que se concede por unha soa vez, de modo que logo de exercida non cabe deixala sen efecto nin obter a desinversión dos mesmos.

Unha vez teña toda a documentación, pedir cita en: Xustiza.gal

- Trámite: "Cambio nome/apelidos"